

O colexio fala

20-outubro-2015

EDICIÓN ESPECIAL: ANIVERSARIO D. BENITO SAAVEDRA CASTRO

Benquerido profe Benito :

O día dezasete de outubro , xa fixo un ano do teu falecemento , aínda que parece que foi onte.

Para a túa familia , todos os que fomos os teus alumnos ,amigos e compañeiros foi unha grande dor ao coñecer a triste realidade.

Fuches un gran profesor e un gran director ; preocupábaste por calquera problema que poidera ter calquera neno deste colexio , e tratabas de resolvelo por todos os medios posibles.

Coñecímonos cando comecei en infantil , aínda que xa tiña oído falar de ti a miña familia , cando meu pai e meus tíos me contaban aventuras que facíades cando erades pequenos.

Direiche que por aquí cambiaron moito as cousas ; sobre todo o horario de entrada e da saída do colexio . Agora levantámonos de noite , aínda que é verdade que temos toda a tarde libre para as nosas cousas.

Vexo ao teu fillo David case todos os domingos , cando ven comer á casa dos teus pais e xuntámonos todos para xogar despois de xantar (Érica , Ricardo , David , eu ...)

Bueno , teño que despedirme , aínda que dicir adeus non é sinxelo , e é especialmente difícil cando a persoa que se marchou do noso carón era coma ti. Bótaseche moito de menos ; estrañamos que non estés na porta do colexio cando entramos ou cando saímos , pero supoño que ti xa o sabes.

Querido profe , un bico e unha aperta moi grande e espero que alá onde estés te encontres en PAZ.

Alexandra

PD : “Que sorte tiveron os teus alumnos de encontrarse contigo , Benito !”



O seu dinamismo e entusiasmo contaxiaban a todos os que o rodeaban.



A UN AMIGO.....

Existen persoas nas nosas vidas

Que nos fan felices

Pola simple casualidade

De cruzarse no noso sendeiro.

Algúns recorren o camiño

O noso carón

Por moito tempo,

Máis outros coma ti,

Amigo Benito

Vanse nun suspiro e sen avisar.

Xa fai un ano que nos deixaches

Amigo Benito

Pero é imposible esquecer:

O teu sorriso como un raio de luz,

Que está presente na nosa vida cotiá.

Os teus ollos brillando de ledicia

Tódolos amenceres.



As túas mans abertas para dar

xenerosidade e vontade.

O teu valor de correxir

Sempre amablemente.

A túa colaboración plena

A ensinanza con grande esmero.

A túa cercanía cos máis cativos.

A túa amizade

Amigo Benito

Que un ano despois sin ti

Nos segue a axudar para loitar

Por todo o que a ti tanto che gustaba:

Competicións deportivas, festivais, excursións.....

Por todo isto e moitísimas máis cousas

Que aprendín o longo destes seis anos

traballando contigo,

Quero decirche:

GRAZAS AMIGO BENITO.

QUE SEXAS FELIZ.

Begoña González Picanes





**Segue educando cun sorriso
alá onde estés.**

Nota editorial:

Nesta edición especial conmemorativa do falecemento do noso querido director D. Benito Saavedra Castro decidimos simplificar as moitas noticias xurdidas con este motivo e darlle un enfoque distinto.

Consideramos que as mensaxes aquí transmitidas reflexan o sentir común e o sentimento de tristeza e forte pesar que acompañan a ésta, a súa comunidade educativa.

